

[REDACTED]

Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 11/2018**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 5 de xaneiro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 5 de xaneiro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución do 28 de novembro de 2017, da Dirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se lle concede o acceso parcial á información solicitada.

O reclamante solicitou á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria información sobre o persoal docente con permutas definitivas do corpo de mestres concedidas con efecto do 1 de setembro de 2017, relación de persoal docente con permutas definitivas dos corpos de PES, PTFP etc...(servizo de secundaria) concedidas con efecto do 1 de setembro de 2017, relación de persoal docente con permutas provisionais do corpo de mestres concedidas para o curso 2017/18 e relación de persoal docente con permutas

provisionais do corpo de PES, PTFP, etc..(servizo de secundaria) concedidas para o curso 2017/18 no que se inclúa o NIF, nome e apelidos, corpo, código e nome da especialidade, centro de destino inicial e centro no que obtén a permuta.

A resolución de 28 de novembro de 2017 da Dirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, fronte á que o reclamante formula o seu recurso, resolve conceder parcialmente o acceso á información indicándolle a ligazón na que está publicada e é accesible unha parte da información que solicita (a relativa á relación de persoal docente con permutas provisionais de secundaria e primaria).

A outra parte de información que se solicita, as permutas definitivas do persoal docente (secundaria e primaria), son procedementos individualizados que non son obxecto de publicación senón de notificación individualizada aos interesados, o que fai que esta parte da solicitude de acceso á información pública non sexa viable sen un previo esforzo especificatorio por parte do solicitante que concrete o persoal sobre o que teña interese en saber sé accede ou non a unha permuta así como o carácter, provisional ou definitivo, desta.

A resolución impugnada denega o acceso ao NIF das persoas que ocupan postos en situación de interinidade nos centros educativos, na medida en que se trata dun dato de carácter persoal inscribible no ámbito de aplicación da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), e requiriría recabar o seu consentimento expreso, preciso e inequívoco. Non se lle proporciona ao solicitante a información no formato solicitado xa que suporía unha labor de redacción dun informe que supón a reelaboración da mesma.

Segundo. O 11 de xaneiro de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente. Consta a recepción o 16 de xaneiro de 2018.

Terceiro. O 27 de febreiro de 2018 a consellería remite o informe e o expediente que ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 2 de marzo. O informe indica que resolveu concederlle o acceso parcial á información pública solicitada nos termos establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, indicándolle a ligazón na que está publicada e é accesible unha parte da información que solicita (a relativa á relación de persoal docente con permutas provisionais de secundaria e primaria), a outra parte da información, relación de permutas

definitivas concedidas con efecto desde 01 de setembro de 2017 é unha información que non posúe a Administración e non é viable proporcionarlle sen un previo esforzo especificatorio por parte do solicitante no que concrete de xeito nominativo o persoal sobre o que teña interese en saber se accede ou non a unha permuta así como o carácter provisional ou definitivo desta.

Así, a determinación do persoal en situación de destino definitivo e os centros de destino inicial e de permuta esixe, ineludiblemente, a realización dun informe nos que consten tales extremos expresados seguindo as instrucións ordenadas polo solicitante.

Por outra banda, non se lle remitiu o dato do NIF do profesorado ao que se lle concedeu permuta.

A consellería sinala que os aspectos controvertidos da reclamación presentada son a reelaboración da información seguindo os criterios de clasificación que pide o solicitante e a inclusión do NIF das persoas que ocupan a dirección dos centros.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento da reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que dispón que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, que se tramitarán de acordo co disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 15 de febreiro establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

No presente caso a reclamación foi presentada o 2 de xaneiro de 2018 no Rexistro da Xunta de Galicia, sendo a resolución de 28 de novembro de 2017, con data de saída do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia do 30 de novembro, non constando no informe remitido pola Dirección Xeral a data de recepción polo solicitante, polo que debemos consideralo presentado en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O reclamante indica que a resolución estima parcialmente a solicitudes denegando a parte relativa ás permutas definitivas docentes por entender que se trata de procedementos administrativos individualizados, polo que a Administración debe recadar o consentimento individual de cada persona afectada. Considera que dado que as permutas definitivas son un sistema de provisión de postos, resulta contraditorio e incoherente que a Administración trate as permutas con menos transparencia e publicidade que a adxudicación dun concurso de traslados.

En canto ás supostas tarefas de reelaboración ou reordenación que a administración menciona no seu escrito, considera que todos os datos solicitados están incorporados ás bases de datos de persoal da consellería, polo que mediante unha simple consulta é posible extraer a información solicitada.

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola súa banda, informa que ao solicitante se lle concedeu acceso a parte da información solicitada, non por que se tratase de procedementos administrativos individualizados, senón

porque, dado que a Administración non conta actualmente cunha relación de permutas definitivas como pide o solicitante, o interesado debe especificar de xeito nominativo o persoal sobre o que teña interese en saber se accedeu ou non a unha permuta, así como o carácter, provisional ou definitivo, desta.

Respecto á alegación de que resulta contradictorio que se publiquen os resultados dos concursos de traslados e non as permutas, a Administración alega que as disposicións normativas en materia de permutas se cumpren estritamente, e se notifica ás persoas interesadas a correspondente resolución. A Administración cumpre a súa obriga de publicidade activa, publicando os nomes do profesorado de cada centro, calquera que sexa o procedemento polo que accedeu ao posto, así como a obriga de facilitar á cidadanía o coñecemento dos contidos ou documentos que obren no seu poder, sempre que dispoña da información e no soporte no que se atope.

Por outra banda, denegóuselle o acceso ao NIF das persoas que ocupan interinidades, na medida en que se trata dun dato de carácter persoal inscribible no ámbito de aplicación normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, polo que sería necesario recabar o consentimento expreso, preciso e inequívoco de cada unha (o persoal docente que pode estar nesa situación son ao redor de 23.000 docentes), o que xeraría unha carga inasumible, desproporcionada e inustificada no departamento administrativo encargado de resolver esta solicitude de información pública, tendo en conta que a súa concesión ou denegación non o sitúa ao solicitante nunha posición de indefensión nin lle impide o libre exercicio dos seus dereitos.

Respecto a alegación de que consellería pode acceder aos datos que pide mediante unha simple consulta na aplicación informática, a Administración informa que almacena un gran volume de datos do seu persoal adscrito, que é accesible á cidadanía a través do referido buscador pero no presente caso o solicitante o que pide é que se lle elabore á carta unha recompilación de datos cun formato e estrutura determinada.

Como conclusión o informe da Secretaría Xeral Técnica fai unha análise global das seis solicitudes que [REDACTED] dirixiu á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, nun intervalo de menos de vinte días, co obxecto de obter información sobre os centros docentes e dos datos estatísticos das unidades en funcionamento, o persoal que ocupa cargos de direccións e os seus procedementos de acceso, o destino do profesorado, o profesorado ao que se lle adxudicou unha permuta nun intervalo temporal determinado, o profesorado que obtivo unha interinidade. Ademais, pide a identificación nominal e número

de NIF do profesorado sobre o que solicita a información e, na maioría das solicitudes, xunta unhas instrucións dirixidas ao órgano administrativo para que lle proporcione a dita información clasificada e estruturada dun xeito determinado e nun formato electrónico concreto.

Os órganos competentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria resolveron a concesión do acceso a unha parte da información solicitada mediante a indicación do concreto enlace web onde está publicada, e a parte de información sobre a que se limitou o acceso xira en torno a dous aspectos: a necesidade de que o interesado concrete de xeito nominativo o persoal sobre o que teña interese en saber se accedeu ou non a unha permuta, así como o carácter provisional ou definitivo desta e o dato do NIF das persoas afectadas.

Debemos partir no análise da petición de que ambas partes están de acordo no carácter público da información solicitada. A consellería estima a solicitude parcialmente, e remite ao interesado os links da súa web a través dos cales pode obter unha parte da información solicitada e fronte ao que o reclamante alega que ofrecer dese xeito a información supón a denegación material da mesma e reclama a entrega noutro formato.

Tal e como sinala no seu informe a consellería, o obxecto do recurso redúcese a dúas cuestións: a reelaboración da información correspondente ás permutas definitivas seguindo uns criterios de clasificación requeridos polo solicitante e a inclusión do NIF dos afectados.

En relación co primeiro aspecto de controversia, a Consellería mostrase en disposición remitir a información solicitada, a pesares de que é necesaria a súa elaboración, se o interesado concreta de xeito nominativo o persoal sobre o que teña interese en saber se accedeu ou non a unha permuta, así como o carácter provisional ou definitivo desta. Débese ter en conta que o número de persoas que poden estar en un destino por permuta é elevado e precisa dunha previa reelaboración, entendida esta como a necesidade de recadación ou extracción da información dunha pluralidade de expedientes ou soportes, polo que é aplicable o criterio de inadmisión da solicitude cando precise de reelaboración, de acordo co artigo 18.1.c da Lei 19/2013. Débese ter en conta que a consellería mostra a súa disposición a proporcionar a información si se fai un esforzo por parte do solicitante por concretar, de xeito nominativo, o persoal sobre o que teña interese en coñecer a súa situación o solicitante, polo que ante en realidade non hai unha negativa a remitir a información, senón una suxerencia de que se delimite a mesma aos efectos de que sexa viable a súa elaboración sen desatender o traballo ordinario da Administración.

En canto ao segundo aspecto obxecto de controversia (incluír o NIF), a consellería alega que debe ofrecer a posibilidade de presentar alegacións aos afectados, e dado o seu amplísimo número resultaría desproporcionado. Mesmo alega que deben consentilo expresamente. En relación con iso debemos indicar que o DNI é un dato persoal, pero non un especialmente protexido de acordo coa normativa de protección de datos, á que se remite a de transparencia neste punto. Por tanto, non é preciso o previo consentimento do afectado. Si é precisa a ponderación do interese público na divulgación da información e os dereitos dos afectados cuxos datos aparezan na información, en particular o seu dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal (artigo 15.3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro). A iso se engade, como sinala a consellería, a necesidade de conceder un prazo de alegacións aos afectados (artigo 19.3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro). Esta necesidade de trámite previo de alegacións non é o determinante na ponderación que tratamos; o verdadeiramente relevante para ponderar neste caso é que o dato reclamado é accesorio e prescindible no conxunto da información solicitada e proporcionada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Unico: Desestimar a reclamación presentada por ██████████ contra a resolución do 28 de novembro de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se lle concede o acceso parcial á información da información sobre o persoal docente con permutas definitivas do corpo de mestres concedidas con efecto do 1 de setembro de 2017, relación de persoal docente con permutas definitivas dos corpos de PES, PTFP etc...(servizo de secundaria) concedidas con efecto do 1 de setembro de 2017, relación de persoal docente con permutas provisionais do corpo de mestres concedidas para o curso 2017/18 e relación de persoal docente con permutas provisionais do corpo de PES, PTFP, etc...(servizo de secundaria) concedidas para o curso 2017/18 no que se inclúa o NIF, nome e apelidos, corpo, código e nome da especialidade, centro de destino inicial e centro no que obtén a permuta.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto

no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga